

# **O AECT Río Minho colabora co IKFEM 2019 a través da iniciativa Concertos no Río Miño**

**O festival transfronteirizo ampliará o seu programa con 4 concertos nas eurocidades Tomiño – Cerveira e Tui – Valença**

**O agrupamento europeo destinou un total de 30.000 € para a dinamización de experiencias culturais, como parte da acción 2 do proxecto Smart Minho**

A través da iniciativa do AECT Río Minho, ‘Concertos no Río Miño’, a VII edición do **IKFEM** que se celebra o vindeiro mes de xullo , incluírá catro novos escenarios, dous deles na eurocidade Tomiño- Cerveira e outros dous na eurocidade Tui – Valença, ampliando deste xeito o ámbito territorial e o número de días do destacado festival transfronteirizo dedicado aos instrumentos de teclado.

‘IKFEM -Concertos no Río Miño’ será unha extensión do propio evento e celebrarase do 14 ao 16 de xullo nos concellos de Tomiño, Cerveira, Tui e Valença. O público poderá gozar dunha programación variada en estilos musicais, con artistas de altísima calidade de Galiza e Portugal, e con propostas dirixidas a todo tipo de públicos. Os espazos dos concertos serán emprazamentos exteriores en torno ao Río Miño: o pantalán do club de remo de Tui; a fortaleza de Valença con vistas ao Río Minho; os xardíns do Aquamuseu de Cerveira, e o espazo fortaleza de Tomiño.

A colaboración do AECT Río Minho co IKFEM para esta actividade ascende a un total de 15.000 €, unha axuda enmarcada dentro da actividade 2 do proxecto de cooperación europea Smart Minho (cofinanciado ao 75% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento

Rexional) destinada á dinamización de experiencias culturais conxuntas entre as dúas marxes do río. O pasado mes de maio, o agrupamento xa colaborou co Encontro de Tocadores ` [Entre Margens](#)`, cunha financiación similar destinada á programación artística. Grazas a esa achega de 15.000 €, `Entre Margens` viu consolidada a súa oferta musical e incluíu por primeira vez ao concello da Guarda dentro da súa programación.

Xunto co [AECT Rio Minho](#), son socios do proxecto europeo de cooperación transfronteiriza Smart Minho, a a Deputación de Pontevedra, a CIM Alto Minho e a Fundación Centro de Estudos Euro Rexionais Galiza – Norte de Portugal. Smart Minho está cofinanciado ao 75% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) a través do Programa Interreg V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020 e conta cun orzamento total de 942.022,47 euros.

---

## **O AECT Rio Minho colabora con 15.000 euros co Encontro de Tocadores `Entre Margens` a través do proxecto Smart Minho**

Grazas a esta axuda o festival Entre Margens ampliará a súa [programación musical](#) con 8

## **concertos, 2 en A Guarda, 3 en Caminha e outros tres a bordo do Ferryboat que une as dúas vilas**

O Encontro de Tocadores `Entre Margens` ampliará a súa [programación musical](#) nesta edición do 2019 que comeza o xoves 30 de maio, grazas a unha colaboración de 15.000 euros do AECT Rio Minho, dentro do marco do proxecto de cooperación transfronteiriza Smart Minho, do que o agrupamento europeo forma parte, xunto coa Deputación de Pontevedra, o CIM Alto Minho e a Fundación Ceer.

A través deste acordo de colaboración o AECT Rio Minho financia [`Concertos no Río Miño`](#), un total de 8 actuacións, dúas na Guarda, tres en Caminha e outras tres a bordo do Ferryboat que une as dúas vilas completando deste xeito o programa de actividades do festival transfronteirizo, cunha proposta que inclúe parte do mellor folk e música tradicional de Galiza e Portugal.

Nos escenarios dos `Concertos no Río Miño` poderemos ver as actuacións de Sérgio Mirra, Pan de Capazo, Segue-me à Capela, Carlos Batista e Roncos do Diabo, así como varios concertos a mans de tocadores e tocadoras de Galiza e Portugal a bordo do Ferryboat Santa Rita de Cassia. Todos os concertos serán de balde.

`Concertos no Río Miño` é unha iniciativa do AECT Río Miño e forma parte da actividade 2 do proxecto Smart Minho. Esta actividade comprende actuacións orientadas á recuperación e posta en valor do patrimonio inmaterial miñoto, a organización de foros culturais entre axentes locais de ambas beiras e a participación en festivais de música transfronterizos. Precisamente, este último punto materialízase neste acordo de colaboración co Encontro de Tocadores Entre Margens xa que este evento musical encaixa á perfección coa filosofía do proxecto e co seu espírito de cooperación.

## **Smart Minho**

Son socios de Smart Minho o AECT Rio Minho, a Deputación de Pontevedra, a CIM Alto Minho, e a Fundación Centro de Estudos Euro Rexionais Galiza – Norte de Portugal. Smart Minho está está cofinanciado ao 75% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) a través do Programa Interreg V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020 e conta cun orzamento total de 942.022,47 euros.